

**CERTIFICADO**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
446/2019	O Pleno

**MIGUEL ÁNGEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, EN CALIDADE DE SECRETARIO  
DESTE ÓRGANO,**

**CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 13 de agosto de 2019 se adoptou o seguinte acordo:

**Expediente 446/2019. Modificación de Crédito por créditos extraordinarios 2/2019**

**PROPOSTA**

Vista a posible aplicación do superávit orzamentario no exercicio 2018 a *financiamento de investimentos financieramente sustentables*, por Providencia de Alcaldía, incoouse expediente para a Modificación de créditos por crédito extraordinario 2/2019.

Visto que se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos na modalidade de Crédito extraordinario n.º 2/2019, cuxo detalle é o seguinte:

*Financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable, pola cantidade de 7.000,00€ según o disposto na memoria de Alcaldía do Expediente.*

O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario segundo o establecido no apartado anterior será o seguinte:

**Altas en aplicacións de gastos**

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Descripción</b>	<b>Euros</b>
<b>933.619</b>	<b>Actuacións na Casa do Concello</b>	<b>7.000,00€</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>7.000,00€</b>

Concello de Sandiás



Financiación: Remanente de Tesorería para gastos xerais. Importe inicial: 240.895,05€

Importe utilizado nesta modificación: 7.000,00€

Restante: 233.895,05€

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O portavoz do Partido Popular de de Sandiás, José Francisco Santana doval, pregunta cando se vai a asinar o convenio. O Sr. Alcalde, Felipe Traveso García, comenta que o proxecto está feito e que se vai a mandar e entende que pronto se asinará. O portavoz do Partido Popular de Sandiás pregunta se será suficiente para calefacción o proxectado, e solicita que se revise a memoria porque considera que é alto o investimento para o aforro establecido na memoria e pode non ser suficiente para a Xunta de Galicia á hora de decidir facer o Convenio. O Alcalde explica que se trata de compensar a diferenza de temperatura que hai nas oficinas respecto dos despachos posteriores.

Sométese a aprobación a proposta quedando aprobada por maioría de seis votos dos nove que conforman a corporación, cos votos a favor dos seis membros integrantes do grupo AGRELSAN e a abstencións dos dous membros do grupo do Partido Popular de Sandiás, elevándose a acordo.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

Concello de Sandiás

Campo de San Nicolás, 2, Sandiás. 32692 (Ourense). Tfno. 988 465 001. Fax: 988 446048

